

As *Normas de Xestión Académica*, en aplicación do establecido no Real Decreto 1497/87, recollen que para os efectos da realización da libre configuración curricular que establecen os planos de estudo, os alumnos poderán cursar as materias que para tales efectos se establezan, asistir a seminarios ou realizar as actividades que determine a universidade.

O Consello de Goberno aprobou novas normas para o recoñecemento de actividades e estudos de idiomas como créditos de libre configuración, feitas públicas por Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005.

Visto o Acordo do Consello de Goberno de data 17 de novembro de 2004, no que se aproba o procedemento de avaliación dos Cursos de Verán, esta Reitoría adopta a seguinte

RESOLUCIÓN,

PRIMEIRO.- RECOÑECIMENTO DE ACTIVIDADES

Recoñécense as actividades da "**UNIVERSIDADE DE VERÁN 2013**", que se relacionan no anexo, para ser imputadas como créditos de libre configuración curricular, cunha equivalencia de **2 créditos** (cursos relacionados no anexo I) ou **1 crédito** (cursos relacionados no anexo II).

SEGUNDO.- TITULACIÓNS ÁS QUE SE PODE IMPUTAR

Os créditos de libre configuración que recoñece a presente Resolución poderanse imputar aos alumnos que cursen estudos conducentes ás Licenciaturas, Enxeñarías, Diplomaturas, Enxeñarías Técnicas e Mestres que se imparten na Universidade de Santiago de Compostela.

TERCEIRO.- RESPONSABLE ACADÉMICO

Aos efectos do disposto na alínea 15 das Normas para o Recoñecemento de Actividades como Créditos de Libre Configuración (Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005), figurará como responsable académico universitario o Vicerreitor de Estudantes, Cultura e Formación Continua.

CUARTO.- CERTIFICACIÓN E INFORMACIÓN

Por pedimento dos interesados o responsable académico universitario da dita actividade expedirá unha certificación segundo modelo oficial para o recoñecemento, que ademais da data desta resolución pola que se autoriza o recoñecemento, deberá indicar o código da actividade que será **2013/53**


Para os efectos de información os alumnos deben dirixirse á Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua. Área de Cultura. Colexio de San Xerome. Praza do Obradoiro s/n. 981 563100, extensións 11018 e 11103. Área de Cultura do Campus de Lugo. Pazo de Montenegro. Praciña da Universidade 982 285900, extensión 21513

QUINTO.-RECOÑECIMENTO.

Para o recoñecemento de créditos os alumnos presentarán o certificado na unidade de xestión académica onde se lles expedirá, á vista do documento, o impreso de liquidación de prezos públicos. Aboados os prezos públicos o recoñecemento farase de plano e sen máis trámite.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2013

O REITOR



Juan José Casares Long

CURSOS DA UNIVERSIDADE DE VERÁN 2013

(2 créditos por cada curso)

1. VI Leccións Xacobeas Internacionais da USC: a rehabilitación do Camiño de Santiago (2013/53/01)
2. II Curso de divulgación: a Química, a ciencia que envolve as nosas vidas (2013/53/02)
3. As plantas medicinais no desenvolvemento sostible das reservas da biosfera Terras do Miño e os Ancares Lucenses (2013/53/03)
4. Novos modelos de creación e financiamento de proxectos de comunicación e cultura. Alternativas para emprendedores e innovadores (2013/53/04)
5. A prestación de servizos sanitarios ante os retos do século XXI (3ª edición) (2013/53/05)
6. Biomasa forestal e bioenerxía (2013/53/06)
7. O medioambiente en Galicia. Unha visión multidisciplinar (2013/53/07)
8. A mediación de actualidade: mediación en asuntos civís e mercantís e mediación penal (2013/53/08)
9. Big Data and Data Science (2013/53/09)
10. Literatura científica: da redacción á publicación (2013/53/10)
11. LaTeX: Documentos académicos e presentación (2013/53/11)
12. Curso de toponimia: interpretación e actuación (2013/53/12)
13. IX Novas fronteiras na igualdade de oportunidades 2.0: a escola da comunicación igualitaria (2013/53/13)
14. A tradición impresa. A arte galega a través da imprenta, as bibliotecas e as estampas (2013/53/14)
15. Curso de educación da voz (2013/53/15)
16. O corpo a debate: diversidade nos mecanismos, prácticas e avatares da corporalidade como inscrición social (2013/53/16)
17. Innovación e prácticas científicas na aula de ciencias (2013/53/17)
18. Curso técnico-práctico en enerxía solar fotovoltaica (2013/53/18)
19. Enerxía, cambio climático e sostibilidade: comunidades enerxeticamente autosuficientes (2013/53/19)

CURSOS DA UNIVERSIDADE DE VERÁN 2013

(1 crédito por cada curso)

1. Atmosfera, clima e raios cósmicos (2013/53/20)
2. VIII Curso de conservación do Courel. Unha ollada ao interior dos soutos: estudo práctico da riqueza biolóxica dos bosques de castiñeiro (2013/53/21)
3. Cartografías das resistencias: transformacións da praxe política ou as revoltas globais (2013/53/22)
4. Ética e estética da xestión ambiental (2013/53/23)
5. Arte e patrimonio na Mariña lucense. O Camiño e os camiños da arte (2013/53/24)
6. Compostaxe. Agroecoloxía e cambio climático (2013/53/25)
7. Agroecoloxía e gobernanza da auga (2013/53/26)
8. O cancro e as súas causas: substancias tóxicas no ambiente doméstico e estilos de vida como factores de risco emerxentes (2013/53/27)
9. A paisaxe na historia (2013/53/28)
10. A loita contra a fraude fiscal nun contexto de crise económica: últimas propostas españolas e europeas (2013/53/29)
11. Fiscalidade do fútbol (2013/53/30)
12. O espírito científico do Seminario de Estudos Galegos (1923-1936) e a *paideia* cultural do galeguismo da "Época Nós". Esculcas de homenaxe no seu noventa aniversario (2013/53/31)
13. O xardín atlántico e a xardinería sostible na Galicia do século XXI (2013/53/32)
14. Xestión sustentable do monte: os sistemas agroforestais (2013/53/33)
15. Nutrixenómica e nutrixenética: a alimentación do futuro? (2013/53/34)
16. Xustiza de ricos e xustiza de pobres: unha mirada crítica á Xustiza española (2013/53/35)
17. Xornadas sobre a propiedade da terra en Galicia. Implicacións para a xestión da terra e a xestión urbanística (2013/53/36)
18. Planificación para o desenvolvemento de sistemas alimentarios locais e agricultura urbana (2013/53/37)